



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



PROXECTO LECTOR DE CENTRO



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ÍNDICE

1- INTRODUCCIÓN.....	3
2- MARCO LEGAL.....	4
3-SITUACIÓN DA LECTURA E ESCRITURA NO IES MONCHO VALCARCE.....	6
4- OBXECTIVOS XERAIS.....	10
5- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	11
6- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.....	12
7- A BIBLIOTECA E O PROXECTO LECTOR DO CENTRO... 	13
8- ACTUACIÓNS POR DEPARTAMENTOS.....	15



1.- INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Procura a adquisición das competencias básicas, especialmente:

- *Comunicación lingüística.*
- *Tratamento da información e a competencia dixital.*
- *Competencia cultural e artística.*
- *Competencia para aprender a aprender.*

O desenvolvemento da competencia lectora, escritora e investigadora debe plantexarse como un proceso a longo prazo, que debe concretarse en actividades habituais integradas no currículo.

Entendemos que tal documento debe ser froito dunha actuación consensuada por todo o profesorado. O Proxecto lector de centro do I.E.S. Moncho Valcarce vai dirixido preferentemente ao alumnado da E.S.O. e persigue uns obxectivos comúns a tódalas áreas curriculares e etapas da Secundaria.

O Proxecto Lector de centro debe plantexarse coma unha planificación sistemática de lectura axeitada a realidade do noso alumnado. Segundo o marco legal é un proxecto de intervención educativa que ten que estar integrado no PEC e que ten como finalidade o desenvolvemento non só da competencia lecto-escritora do noso alumnado senon tamén do fomento do hábito lector e da alfabetización informacional como consecuencia unha actuación planificada e coordinada de todo o profesorado en todos os niveis e áreas curriculares na que figurarán uns principios xerais nos que impulsemos a posta en marcha das competencias básicas referentes á lectoescritura.

Con isto promoveremos unha mellora educativa da que todo o profesorado debe sentirse responsable. Deste xeito conseguiremos unha mellora educativa no ámbito da lectura.

No I.E.S. Moncho Valcarce presentamos dúas vías de actuación para a posta en marcha do proxecto:

- Actuacións didácticas por departamentos.
- A Biblioteca escolar como centro de recursos e un activo servizo de información e formación.



2.- MARCO LEGAL

❖ **Decreto 133/2007 do 5 de xullo**, polo que se regulan as ensinanzas da ESO:

- **Artigo 5º.5:** “*A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas*”
- Segundo os **artigos 19.2/24.7/25.5 da L.O.E.**, a lectura dentro do currículo de secundaria debe ser traballada dende tódalas áreas na E.S.O. Por outra banda, cabe destacar o carácter instrumental da mesma e a súa relevancia como elemento básico para o desenvolvemento das diferentes competencias.
- No **artigo 26.2 da L.O.E.** indícase que a fin de promover o hábito da lectura, dedicárase un tempo á mesma na práctica docente de tódalas áreas.
- **Anexo V:** Proxecto lector de centro

“Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:

- *A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.*
- *A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.*
- *A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.*
- *O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.*
- *O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.”*



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Fundamentos

“O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura”.

Seguimento e avaliación.

“Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal”.



3.- SITUACIÓN DA LECTURA E ESCRITURA NO NOSO IES MONCHO VALCARCE

A análise da situación da lectura e escritura do noso centro realizouse cun traballo que tivo a súa primeira etapa coa elaboración de inquéritos, dirixidos tanto ao alumnado como ao profesorado, e que nos permitiron coñecer con maior detalle e rigor cal era a situación da lectura (en menor medida a escritura) no noso centro. Unha vez que contamos cos datos que nos proporcionaron estes cuestionarios, pasamos á redacción que agora propomos.

3.1. Análise hábitos lectores

- A maior parte do alumnado adquiren os libros; os usuarios da biblioteca declaran un baixo índice de préstamo na biblioteca escolar. Os maiores usuarios do préstamo son o baixo alumnado de bacharelato e de 1º da ESO.
- A maior parte do alumnado le sempre ou case sempre as lecturas obrigatorias.
- A opinión dos rapaces sobre estas lecturas obrigatorias é, maioritariamente, de “regular”. De xeito maioritario, non hai unha satisfacción/pracer como consecuencia da súa lectura.
- Máis da metade do alumnado non le prensa periódica (xornais ou revistas) con regularidade, e só un 6% declara ler este tipo de publicacións diariamente. Un 15% afirma lela “case todos os días”.
- Un 80% do alumnado declarou non ler cómics, case nunca ou algunha vez ao trimestre, do que se pode concluir que este tipo de arte non ten moita aceptación, ou cando menos, non é moi coñecido polos alumnos e alumnas.
- No que respecta ás actividades de fomento da lectura, conséntase unha percepción das diferentes iniciativas por parte do alumnado, xa que a maior parte deles respostaron que ler era unha actividade que se promovía “moito” ou “bastante”. Por tanto, os anuncios das diferentes iniciativas si chegan, ou chegaron, á maior parte do alumnado.
- Os anteriores datos contrastan cos índices de participación do alumnado nas actividades de promoción da lectura, xa que malia coñeceren estas iniciativas, é un número moi reducido o que decide participar nelas, unicamente o 15% declara ser partícipe “sempre” ou “case sempre”.
- Nas Comisións de Coordinación Pedagóxicas desenvolvidas durante o curso 2012-13, constatouse unha preocupación por parte dos diferentes departamentos didácticos sobre a lectura, ao constatar entre o alumnado dificultades de comprensión lectora, polo que parece evidente a necesidade de mellorarnos as habilidades de lectura e comprensión.

3.2. Situación biblioteca escolar

- Canto ao espazo físico, constatamos que con frecuencia a biblioteca non pode acoller a tod@s os usuari@s que queren facer uso dela durante os períodos de lecer para o estudo, a lectura, a realización de tarefas académicas, o acceso á rede... Así mesmo, estase a detectar un problema de espazo para acoller os novos fondos que van sendo adquiridos, xa que os andeis con que contamos están sobrecapados, de maneira que por veces é difícil acomodar os fondos, e mesmo localizalos.



- Canto á dotación de horas para o profesorado que integra o equipo de biblioteca presentou unha certa variabilidade dun curso para o outro, cunha carga horaria e un número de integrantes en continua oscilación.
- Na actualidade, dado que o centro leva funcionando xa varios anos e fóronse adquirindo libros durante este tempo, contamos cuns fondos apropiados, tanto en obras de consulta, como de textos para a lectura adaptados ás diferentes idades. En todo caso, nos últimos cursos podemos atender as peticións específicas (non moi numerosas) por parte dos departamentos didácticos para adquirir novos fondos, mercé ás dotacións económicas do PLAMBE e a participación do centro nas convocatorias dos Clubes de Lectura.
- No que se refire ás actividades que se realizan na biblioteca durante os tempos de lecer, constatamos un uso inadecuado dos equipos informáticos, en moi raras ocasións empregados para a lectura de textos xornalísticos, literarios ou científicos.
- Canto o uso dos equipos informáticos, tamén se aprecia unha infrautilización dos recursos, tanto para as tarefas de procura de información por parte do alumnado, como para a docencia por parte do profesorado. Cómpre ademais unha renovación dos equipos informáticos xa que os actuais están obsoletos.

3.3. Obxectivos, fundamentos e organización

3.3.1. Dos hábitos lectores

- Educar o gusto pola calidade, e procurar que a lectura sexa unha actividade de disfrute e enriquecedora para o alumnado.
- Mellorar os índices de préstamo da biblioteca escolar, así como animar a utilizar os recursos doutras bibliotecas, nomeadamente as públicas municipais.
- Facilitar ou animar a que o alumnado lea a prensa, tanto diaria como publicacións periódicas de menor frecuencia, para asociar a lectura ao coñecemento, á opinión crítica e ao debate das sociedades contemporáneas.
- Divulgar entre a comunidade escolar a existencia de interesantes publicacións de banda deseñada, non só vencelladas co lecer ou o humor, senón coas artes plásticas, a historia, o ciencia, a divulgación científica...
- Adquirir unha selección de obras de calidade de banda deseñada, vinculadas co currículo escolar.
- Lograr unha maior participación nas actividades de promoción da lectura desenvolvidas polo equipo da Biblioteca, a través de propostas máis dinámicas e participativas, en que o alumnado teña un rol máis activo.

3.3.2 Da comprensión lectora

- Mellorar a capacidade lingüística, o hábito lector, e a busca de información a través da lectura, a través de diferentes intervencións, entre as cales cumpriría incluír algunha proposta interdisciplinar como a Hora de Ler (por exemplo).



3.3.3. Da biblioteca escolar

- Utilización da biblioteca como espazo físico para a docencia na procura de información nos recursos presenciais ou virtuais, sempre coa finalidade pedagóxica xustificada, en beneficio do conxunto da comunidade escolar.
- Lograr un funcionamento satisfactorio da Biblioteca, que cubra as necesidades de todos os usuarios e que permita que o traballo dos membros do equipo se siga vendo reflectado dentro do seu horario lectivo.
- Atender, na medida das posibilidades, as necesidades de fondos ou recursos que vaiamos detectando, ou que nos suxiran os diferentes departamentos didácticos.

3.4. Intervencións que cómpre sistematizar

3.4.1. Da comprensión lectora

- Axudar á comprensión dos textos falando previamente deles nas aulas, apuntando e comentando os valores que os singularizan.
- Pensar en actividades que rodeen e guíen a lectura, para favorecer a comprensión e o disfrute da lectura.
- Vincular as lecturas co currículo de cada materia de maneira máis directa posíbel para facilitar a comprensión, e identificar a lectura como vía de coñecemento.
- Comentar, recomendar ou remitir o alumnado a noticias de actualidade, reportaxes ou artigos de opinión que estean vinculados, de maneira máis ou menos directa, aos diferentes aspectos do currículo das diferenes materias.
- Promover o traballo colaborativo entre os diferentes departamentos e profesorado, empregando as novas tecnoloxías (por exemplo, google docs, Pinterest, etc.) para facilitar a comprensión, achegar ideas, intercambio de pareceres, liñas de interpretación, nun enriquecemento constante do coñecemento a través da lectura e da escrita, etc.
- Preparación de lecturas para ler en voz alta na clase, empregando textos breves e que fomenten a capacidade crítica entre o alumnado.

3.4.2. Dos hábitos lectores

- Maior visibilidade e publicidade do servizo de préstamo, a través do profesorado, carteis informativos, páxina web, blog da biblioteca, etc.
- Os departamentos didácticos deberían divulgar e garantir o servizo de préstamo. Sería conveniente seguir comunicando á biblioteca as lecturas obrigatorias e recomendadas ao comezo de cada curso escolar, así como os posíbeis cambios que se vaian introducindo nesa relación ao longo do curso.
- Fronte á suscripción a publicacións en papel, o profesorado debería ter en conta as edicións dixitais das diferentes cabeceiras, que facilitan a consulta na aula (a través do canón de vídeo), ou ben a recomendación por medio de correo electrónico ou das redes sociais.
- Adquirir títulos relevantes de banda deseñada, de maneira coordinada entre os diferentes departamentos didácticos, e publicitar a súa adquisición entre a comunidade escolar.
- Organizar actividades de promoción da lectura de maneira aberta e flexible (nos horarios e nas lecturas).



3.4.3. Da biblioteca escolar

- Estudiar a posibilidade de ampliar, na medida do posible, o espazo físico destinado a biblioteca escolar no centro, para dar unha mellor acollida o servizo entre os usuarios.
- Consolidar un equipo da biblioteca que teña certa continuidade e estabilidade, cun número relativamente amplo de persoas (3 ou 4), e que conte cunha carga horaria específica para estas tarefas relacionadas co funcionamento da biblioteca escolar.
- Contar cunha dotación económica específica para a biblioteca, unha vez que deixemos de contar co apoio económico do PLAMBE ou do fomento dos Clubes de Lectura.

3.5. Criterios e procedementos de avaliación

- Caixa de suxestións para que o alumnado e profesorado poida facer achegas e suxestións sobre as diversas tarefas e iniciativas recollidas neste proxecto lector.
- Realizar inquéritos entre o alumnado para coñecer o interese que despertan neles as lecturas propostas e para avaliar as lecturas desenvolvidas.
- A partir dun cuestionario semellante ao empregado no curso 2012-13 e que serve de base a este proxecto lector, elaborar un inquérito onde se lle pregunte a alumnado e profesorado sobre os hábitos lectores, as preferencias na lectura, as actividades de promoción da lectura, ou usos da biblioteca...
- Reparar nos resultados da Avaliación de Diagnóstico no referido á Competencia Lingüística e Comprensión Lectora.



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



4.- OBXECTIVOS XERAIS

Entendemos como obxectivos xerais do proxecto lector do IES Moncho Valcarce os seguintes:

- ❖ Fomentar o hábito lector dun xeito o máis eficaz posible.
- ❖ Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- ❖ Mellorar o rendemento do noso alumnado traballando a comprensión oral e escrita.
- ❖ Aumentar as súas capacidades para ó aprendizaxe.
- ❖ Conseguir a implicación do profesorado das distintas áreas para facer posible que o alumnado vaia adquirindo as competencias lingüísticas.
- ❖ Fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta de acceso aos recursos da información.
- ❖ Fomentar o pracer pola lectura a través de distintas actividades e sempre contando co apoio de todo o profesorado e dos fondos da biblioteca e das bibliotecas de aula.
- ❖ Facilitar ó alumnado o acceso a información que sexa útil para a súa formación académica.
- ❖ Trasladar ao ámbito extraescolar e familiar o interese pola lectura.
- ❖ Fomentar o uso de distintos tipos de textos (informativos, lúdicos, educativos....) en distintos soportes para desenvolver o sentido crítico do alumno.
- ❖ Ser conscientes da importancia da Biblioteca escolar como elemento transversal para acadar todos estes obxectivos.



5.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O principal obxectivo do proxecto é que tódolos alumnos lean, pois estamos convencidos de que a lectura enriquece a formación persoal, é unha ferramenta moi eficaz contra o fracaso escolar, informa e axuda a crear criterio persoal e a facer que as persoas sexan menos manipulables e polo tanto máis libres e é unha grata maneira de ocupar o tempo de ocio. En definitiva, o fomentar a lectura nos alumnos é un dos métodos máis eficaces e seguro para acadar o seu éxito formativo.

Acadar este obxectivo, dalgún xeito, leva implícito:

- Enriquecer o vocabulario.
- Mellorar a expresión oral e escrita.
- Aumentar o caudal de coñecementos en tódalas áreas.
- Descubrir a beleza da linguaxe.
- Despertar a imaxinación e fomentar a creatividade.
- Fomentar o emprego de diferentes fontes de información e documentación.

Todo elo permítenos establecer uns obxectivos que poden concretarse do seguinte xeito:

- 1) Incentivar e potenciar os hábitos lectura e escritura dos alumnos desenrolando as habilidades lectoras propias de cada etapa para conquistar a suficiente fluidez en cada nivel:
 - Mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita (ortografía, redacción).
 - Aumentar a velocidade e ritmo de lectura e desenrolar a lectura expresiva en voz alta.
- 2) Ampliar a comprensión lectora, non só na área lingüística, senón nas diversas materias do currículo, incluíndo a animación á lectura na programación didáctica dos distintos departamentos.
- 3) Chegar a sentir a lectura como un pracer e unha opción para encher o tempo de lecer, propiciando que os alumnos pasen de ser lectores pasivos a ser lectores activos e descubran o gusto pola lectura e a empreguen nos seus ratos de ocio.
- 4) Trasladar o gusto pola lectura ó ámbito familiar e extraescolar e que este feito poida servir de nexo de unión ou de medio de achegamento entre as familias e os profesionais do centro.
- 5) Promover actividades e campañas para crear un ambiente de lectura favorable á lectura no centro escolar.
- 6) Aumentar os fondos da biblioteca con obras literarias célebres, divulgativas (históricas, científicas, técnicas), literatura juvenil y revistas que resulten interesantes e atractivas para o alumnado.
- 7) Incrementar o número de consultas e préstamos da biblioteca, sobre todo por parte do alumnado.



6.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Dos obxectivos xerais e específicos derivan unha serie de principios de actuación didáctica que nos servirán de referente para a posta en marcha deste proxecto. Concibimos a lectura como clave de acceso á aprendizaxe, o seu dominio facilitará ao noso alumnado un instrumento indispensable para o seu desenvolvemento académico, pero ademais disto a lectura permitirá o acceso á literatura, a distintas fontes de información en distintos soportes e ó desenvolvemento dunha conciencia crítica. A lectura debe impregnar todo o currículo, deste xeito tódolos departamentos deste centro somos conscientes de que forma parte explícita da práctica diaria nos procesos de ensinanza e aprendizaxe e así facémolo constar nos plans de actuación por departamentos. Como principios de ensinanza común establecemos os seguintes:

- ❖ Dedicación, en función da materia e horario, dun tempo específico á lectura para promover a competencia lectora.
- ❖ Lectura oral e tamén individual por parte do alumnado de textos vinculados á materia incluídos nos libros de texto, e tamén doutros tipos de textos (prensa, revistas, textos en soporte informático etc...). Posteriormente farase un comentario oral ou lido.
- ❖ Levar ás aulas temporalmente material bibliográfico da biblioteca relacionado coa materia que se estea impartindo.
- ❖ Lectura de textos escollidos sobre distintos temas vinculados á actualidade ou ó ensino (Día da Paz, Día da Muller Traballadora, Día das Letras Galegas, Día do Libro etc...)
- ❖ Lecturas literarias presenciais nas materias cuxos contados así o requiran.
- ❖ Lecturas individuais obrigatorias e recomendadas nas materias que así contemplan na súa programación didáctica.
- ❖ Actividades na biblioteca, abertas a tódolos departamentos que queiran participar, de carácter interdisciplinar para o fomento da lectura e usos das distintas fontes de información.



7.- A BIBLIOTECA E O PROXECTO LECTOR DO CENTRO

O artigo 113 da LOE fai unha mención específica ás bibliotecas escolares indicando, entre outras cousas, que os centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar, que este recurso educativo contribuirá a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos. Polo tanto a biblioteca escolar debe contribuír a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura.

Tamén indica a LOE que a organización das bibliotecas deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros.

A biblioteca debe estar plenamente integrada no Proxecto Lector de Centro levando a cabo actividades que fomenten a lectura como medio de entretemento e de información, de xeito que adquiran un hábito continuado que reforce a súa formación permanente. Para isto, hai que ter en conta, que nos centros educativos os equipos de traballo da biblioteca escolar non son estables e dependen da dispoñibilidade horaria do profesorado. Neste sentido, para conseguir un desenvolvemento axeitado das actividades propostas, sería necesario seguir facilitando a permanencia dun equipo o máis estable posible e poder contar co apoio de todo o profesorado e da dirección do centro.

Entendemos que a biblioteca escolar non só é un lugar integrado á actividade pedagóxica en tódalas áreas curriculares do ensino, senón tamén un lugar que debe facilitar todo tipo de recursos encamiñados ó fomento da lectura, é un verdadeiro elemento transversal dentro da comunidade educativa. Por todo isto, é preciso o compromiso de todo o profesorado para que esta funcione como elemento dinamizador da actividade educativa e da vida cultural do centro.

7.1. Obxectivos da nosa Biblioteca Escolar

- Facer da biblioteca un lugar agradable que favoreza as actividades de estudio e lectura.
- Reorganizar a colección da biblioteca para facela máis accesible a todos os usuarios.
- Crear unha colección activa, có compromiso dos distintos departamentos, que realmente sexa útil e atractiva para docentes e alumnos.
- Deseñar actividades que impliquen ós distintos departamentos docentes e que sirvan para integrar a biblioteca como un recurso educativo.
- Difundir os servizos e recursos da biblioteca na comunidade educativa.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta de acceso ós recursos de información.

7.2. Actuacións xerais da Biblioteca do IES Moncho Valcarce

Neste apartado presentaremos unhas liñas de actuación que terán un desenvolvemento ó longo do curso; encamiñadas a cumprir os nosos obxectivos:



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- 1) Ó longo do curso, este grupo de traballo, en colaboración cos distintos departamentos do centro, pretende levar a cabo un labor de reorganización da colección; adaptándoa ás necesidades reais da comunidade educativa.
- 2) Para crear unha colección activa será necesaria a implicación do profesorado das distintas áreas. Pretendemos que os departamentos faciliten unha listaxe daqueles temas que pretendan traballar no próximo curso co apoio da biblioteca e que proponían a adquisición de libros adecuados a eses temas.
- 3) A formación dos usuarios deberá de ser continua ó longo do ano. Comezará, no primeiro trimestre, cunhas xornadas nas que pretendemos un achegamento básico do alumnado á biblioteca. Esta actividade será o inicio dun proceso de formación que se completará con actividades puntuais relacionadas co uso dos fondos da nosa biblioteca.
- 4) Promocionar o espazo físico da biblioteca como lugar lúdico e de coñecemento. As distintas actividades que se especifican a continuación servirán para lograr este obxectivo. Estas actividades están encamiñadas a fomentar a interdisciplinabilidade.
- 5) Para fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta de acceso aos recursos de información, estamos a traballar na creación dun blog que sirva para este fin. Así mesmo, a inclusión da nosa colección no proxecto Meiga supón xa unha mellor xestión dos nosos fondos e do intercambio de información con outras bibliotecas escolares.

As actividades desenvolvidas serán reflectidas na memoria final correspondente a elaborar ao remate de cada curso académico.



8.- ACTUACIÓNS POR DEPARTAMENTOS

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

O fomento da lectura constitúe un dos proxectos máis interesantes que se levan a cabo no centro. A práctica da lectura comprensiva é fundamental para que os alumnos e alumnas poidan acadar as competencias básicas.

A lectura comprensiva dos enunciados das actividades é necesaria para a realización correcta das mesmas. Así mesmo, a lectura crítica de textos científicos será un procedemento cotidiano para os membros deste departamento.

Por outra banda os alumnos lerán os libros que a súa profesora ou profesor lles indique. Trátase de textos especialmente seleccionados para este fin e cunha relación directa coa materia impartida.

Nas materias científicas é se cabe, máis importante aínda que os alumnos e alumnas comprendan os textos referidos ás actividades realizadas na aula, no laboratorio, etc. Para asegurar esta comprensión, farase unha lectura en voz alta de párrafos seleccionados do libro de texto, etc. Rotarase esta lectura, para que todo o alumnado interveña na mesma. Comprobarase a comprensión da linguaxe empregada e realizarase unha listaxe do novo vocabulario que vaia aparecendo.

Ademáis da lectura na aula, cada alumno deberá de ler algún dos libros recomendados (de divulgación científica, ou novelas con contidos relacionados coa Ciencia) durante o curso. Entregarán un comentario que poderá ser tido en conta para a nota final.

Dentro das actividades, encamiñadas ao fomento da lectura, o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía propón as seguintes actuacións:

- A lectura compartida na clase cunha periodicidade segundo os niveis.
- A lectura individual como tarefa a realizar polo alumno fora do centro de ensino dos distintos libros de contidos científicos que se atopan a disposición do alumnado na biblioteca.
- Manexo diario de distintos textos.

Lecturas recomendadas

A continuación presentamos unha relación de materiais de distinto tipo ((obras documentais, de referencia, de consulta, revistas...)) que consideramos útiles para fomentar a lectura entre os nosos alumnos e alumnas. Esta relación contén distintos tipos de lecturas:

- Alimentación Saudable Xulio Astor Camino Xerais – 2008
- Os Segredos Das Arbores Vv.Aa. Xunta De Galicia.Servicio Central
- A Natureza Dos Rios E Ribeiras De Galicia Fernandez Martinez, Miguel A. Ir Indo Edicions, S.A. – 1999



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- Me llamo... AA.VV.; Parragón Ediciones S.A
- Científicos para la historia AA.VV.; Nivola Libros Ediciones

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Desde o Departamento de Economía contribuímos ó fomento da lectura promovendo os seguintes obxectivos:

- Interese por ler diante do grupo con claridade e vocalizando.
- Comprensión do enunciado dun problema a partir da análise de cada unha das partes do texto e a identificación dos aspectos máis relevantes, comprobación da coherencia da solución co problema proposto.
- Entender un texto co fin de poder resumir e analizar a súa información.
- Análise dos aspectos máis destacables dos gráficos a partir de exemplos tomados dos medios de comunicación e de informacións relacionadas co ámbito económico.
- Expresar concisa e claramente unha análise económica baseada nun conxunto de datos dados.
- Valoración crítica das informacións económicas que aparecen nos medios de comunicación, sabendo detectar, se os houbera, abusos e usos incorrectos.
- Recoñecemento e valoración da utilidade da linguaxe económica para representar e axudar a entender problemas da vida cotiá.
- Sensibilidade, interese e gusto ante o uso da linguaxe económica en informacións e argumentacións sociais ou económicas.

A consecución dos obxectivos anteriores pasa polo desenvolvemento das seguintes actividades:

- Lectura pública e en voz alta de textos na clase.
- Lectura comprensiva de textos e elaboración de resúmenes.
- Análise comprensiva dos enunciados dos problemas plantexados.
- Valoración crítica das informacións económicas que aparecen nos medios de comunicación, sabendo detectar, se os houbera, abusos e usos incorrectos.
- Recoñecemento e valoración da utilidade da linguaxe económica para representar e axudar a entender problemas da vida cotiá.
- Expresar concisa e claramente unha análise económica baseada nun conxunto de datos.
- Sensibilidade, interese e gusto ante o uso da linguaxe económica en informacións e argumentacións sociais ou económicas.



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^o Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

A contribución do departamento de Educación Física ó plan lector levarase a cabo por medio dos contidos teóricos da asignatura. Para elo, aportarase aos alumnos os contidos conceptuais específicos de cada unidade didáctica nunha serie de fichas que terán que ser traballadas polos alumnos en relación coas actividades prácticas realizadas na clase.

Por outra banda, os alumnos terán que realizar nalgunha das unidades didácticas traballos elaborados tanto de forma individual como en grupo para o que será necesaria a lectura e a búsqueda de información.

Por último, o departamento de Educación física aporta unha serie de fondos á biblioteca do centro con contidos específicos relacionados coa nosa asignatura e que están dispoñibles para os alumnos interesados, e que moitas veces son de gran utilidade para a realización dos traballos obrigatorios mencionados con anterioridade.

Tense proxectado aumentar a nosa aportación a dito plan en próximas datas suscribíndonos, por medio da biblioteca, a revista deportiva Sport Life para que os alumnos teñan outro medio máis para poder chegar a contidos específicos relacionados coa nosa asignatura e poder profundizar así tanto nos contidos impartidos na clase como na creación de hábitos de lectura e de aproximación dos alumnos á biblioteca do centro.

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Para todas e cada unha das materias do Departamento de filosofía consta na programación, no apartado titulado “Actividades de fomento da lectura”, o seguinte parágrafo relativo ó fomento da lectura e a posible colaboración no proxecto lector:

“Na programación da materia faise fincapé na adquisición por parte dos alumnos da competencia lingüística e na realización de actividades de elaboración filosófica polo cal a lectura de textos, artigos, libros... é inherente ó desenvolvemento da materia.

Ademais, o Departamento colaborará, na medida en que sexa posible, nas actividades que a comunidade escolar, a través do proxecto lector, leve a cabo para promover e fomentar o costume da lectura.”

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

O Departamento de Física e Química, unánimemente, considera imprescindible a promoción do Plan Lector no noso centro educativo, dados os problemas de comprensión lectora que se siguen detectando nos alumnos da ESO. Desde este departamento crese convinte a obrigatoriedade, a partires de 4^o ESO, da lectura dun texto científico axeitado ó nivel do alumnado e que esté presente nos fondos propios da biblioteca.



DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Encadrado no PCC (Proxecto Curricular de Centro) dende esta materia imos fomentar o proxecto lector, co fin de inculcar o hábito de lectura entre o alumnado desta etapa. Do que se trata non é de cargar de lectura aos alumnos, senón facer que eles mesmos se acheguen á lectura pouco a pouco, dunha maneira global dende tódalas materias.

Así, na aula leremos libros adaptados ao nivel de cada tipo de alumnado e de acordo cos seus intereses, facendo de seguido preguntas de comprensión e resumos; tamén traballaremos con artigos de periódicos para que vexan unha das aplicacións principais da lectura; e por suposto, con textos auténticos en soporte dixital (dentro do programa de utilización de TICs).

Nos grupos da ESO, a lectura traballarase fundamentalmente a través do libro de texto e mediante textos breves adecuados ao nivel e intereses do alumnado.

En Bacharelato, ao dispor de máis horas de clase, traballarase algunha obra ao longo do curso. Posto que sempre se realiza unha saída ao teatro, procurarase utilizar textos e, se é posible, pezas enteiras do autor de dita obra teatral.

DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

Para facer da lectura un instrumento insustituible no proceso ensino-aprendizaxe e para consolidar lectores, o departamento colaborará co Proxecto lector poñendo á súa disposición material de consulta entretido e divertido, aínda que rigoroso, e ademais un longo catálogo de títulos que susciten o interese dos alumnos e breves resumos que estimulen ao alumno a solicitar a lectura.

Aquí deixamos algúns dos títulos das que teñen máis éxito entre o alumnado:

- **Querida Alejandría**, García Esperón, Editorial Norma
- **La hija de Homero**, Robert Graves, Plaza y Janés
- **Corazón de Ulises**, Javier Reverte, Plaza y Janés
- **El vellocino de oro**, Robert Graves, Planeta
- **La diosa contra Roma**, Pilar Sánchez Vicente, Roca Editorial
- **Middlesex**, Jeffrey Eugenides, Anagrama
- **Séneca, el camino del sabio**, Fernando Lillo, Diálogo
- **A oscura luz do Tiber**, Lola Gándara, Rodeira
- **Una aguja envenenada** de Lola Gándara, Alfaguara
- **Guárdate de los idus**, Lola Gándara, Ediciones SM
- **De Victoria para Alejandro**, Isabel Molina, Alfaguara
- **Más alto, más rápido, más fuerte**, Isabel Molina, Alfaguara

- **Ciprianus, gladiator romanus**, Juan Muñoz Martín, Editorial Bruño
- **Veni, vidi en bici**, Valentina Blanco, Alfaguara
- **Un salmantino en Roma**, Fernando Lillo, Ediciones Clásicas



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- **Platón y yo**, Carlos Goñi, Ediciones Internacionales Universitarias
- **Percy Jackson y los dioses del Olimpo**. El ladrón del rayo, Rick Riordan, Salamandra
- **Los tres días del gladiador**, César Vidal, SM
- Misterios romanos I. **Ladrones en el foro**, Caroline Lawrence, Salamandra
- Misterios romanos II. **Los secretos del Vesubio**, Caroline Lawrence, Salamandra
- Misterios romanos III. **Los piratas de Pompeya**, Caroline Lawrence, Salamandra
- Misterios romanos IV. **Asesinos en Roma**, Caroline Lawrence, Salamandra
- Misterios romanos V. **Los delfines de Laurentium**, Caroline Lawrence, Salamandra
- Misterios romanos VI. **Los doce trabajos de Flavia Gemina**, Caroline Lawrence.

- Misterios romanos VII. **Los enemigos de Júpiter**, Caroline Lawrence, Salamandra
- Misterios romanos X. **El fugitivo de Corinto**, Caroline Lawrence, Salamandra
- Misterios romanos XI. **Las sirenas de Sorrento**, Caroline Lawrence, Salamandra
- Misterios romanos XII. **El auriga de Delfos**, Caroline Lawrence, Salamandra
- **El sello de Eolo**, Manuel Alfonseca, Edebé
- **Ana y la Sibila**, Antonio Sánchez-Escalonilla,, Bambú
- **El príncipe de Tarsis**, Antonio Sánchez-Escalonilla, Editex

Lecturas obligatorias para as materias de literatura latina e grega son:

- TITO LIVIO. *Ab ube condita*
- VIRGILIO. *Eneida*
- OVIDIO. *Metamorfosis*
- CATULO. *Carmina*
- HORACIO. *Odas. Épodos*
- PLAUTO. *Comedias*
- HOMERO. *Iliada. Odisea*
- JENOFONTE. *Anábasis. Helénicas*
- LÍRICOS GRIEGOS ARCAICOS. Selección de poemas de Safo, Alceo, Anacreonte, Arquíloco y Píndaro
- SÓFOCLES. *Edipo rey*
- ARISTÓFANES. *Asamblea de las mujeres*
- EURÍPIES. *Hipsípila*



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Como fomento da lectura programamos a lectura dun libro en inglés en todos os niveis da E.S.O. coa excepción dos cursos de PDC dadas as súas especiais características (aínda que se adicará tempo nas clases para a lectura), e non haberá libro de lectura en 1º e 2º de Bacharelato posto que suporía sobrecargarlles a materia e ademais, polo momento, non está programada unha proba oral no selectivo. Unha vez que saibamos o nivel de inglés que teñen en cada curso, escolleremos os títulos máis axeitados da biblioteca.

Co obxecto de que se tomen esta proposta didáctica con máis seriedade, fanse actividades de comprensión escritas, pero sobre todo orais. Os alumnos da ESO non mercan os libros, cólloenos prestados da biblioteca.

Tamén se realizan actividades de lectura na aula e na biblioteca tanto cos cursos da ESO coma con algúns do PDC. A partires da lectura desenvólvense actividades de comprensión a nivel oral, escrito e co apoio das TIC. Tamén, as veces facemos as probas escritas para valorar a comprensión individual de ditas lecturas.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ

Desde o Departamento de Lingua Castelá e Literatura seguiranse as directrices do Plan Lector do Centro, cuio obxectivo fundamental é o de educar o gusto pola calidade lectora e procurar que a lectura sexa unha actividade de disfrute e enriquecemento para o alumnado.

Tendo en conta isto, a lectura non será un mero instrumento de cualificación senón que se poñerá especial empeño en asesorar ós alumnos na búsqueda de lecturas que lles resulten agradables dentro sempre dun criterio de calidade potenciando as lecturas clásicas xuvenís. Na ESO ofrecerase en cada avaliación unha lista aberta de títulos garantindo a presenza dalgúns exemplares dos mesmos na biblioteca do centro.

DEPARTAMENTO LINGUA GALEGA

A aportación do Departamento de Lingua Galega ó Proxecto Lector concrétase nas seguintes propostas didácticas:

- Lecturas obrigatorias, unha por trimestre, nos dous ciclos da ESO e no 1º de Bacharelato, en 1º da ESO adícase unha hora semanal á lectura na aula. En 1º da ESO si que axuda a fomentar a lectura o feito de dedicar un período lectivo semanal a ler na clase. Nos outros niveis o feito de ter que ler un libro ao trimestre tamén contribúe a fomentar o hábito lector.
- Trabállanse en todos os niveis textos e nas actividades extraescolares e complementarias poténciase o encontro con escritores.



- Traballar con distintos textos literarios e de diferentes autores si que anima a que despois lean o libro.
- O encontro con escritores tamén é positivo. Algúns alumnos que ao mellor non leron o libro, despois de escoitar ao escritor si que se animan a lelo.
- Asemade, lévase a cabo a "Biblioteca de aula" como medio de aproximación á lectura. O alumnado escolle as obras literarias e a profesora orientalles sobre a elección das mesmas.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

O departamento de Matemáticas ten previstas actividades de lectura nos cursos de ESO proponendo un libro de lectura para cada curso segundo consta nesta programación, continuando na potenciación da lectura de libros de narracións con algún contido matemático. Tamén se farán lecturas recollidas nos libros de texto e de textos científicos ou noticias relacionadas coas ciencias, adaptados aos contidos do currículo. O departamento tratará de aumentar os seus propios fondos de libros de lectura.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Potenciarase desde o Departamento de Música o fomento da lectura a través de:

1. Lectura de artigos de crítica musical da prensa diaria ou revistas especializadas (Ritmo, Eufonía, Doce notas, etc)
2. Lectura en páxinas web de diferentes temas, autores e obras musicais que resultaron de interese en función dos contidos a desenvolver para esta materia.
3. Lectura complementaria de artigos, libros.... que pola vinculación coa temática a tratar durante o curso resultan axeitados e de espacial interese para a comprensión e desenvolvemento da materia.

Lectura en clase de pasaxes de libros que sirvan como complemento dos contidos a trata

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

Fomentase a competencia lectora a través do emprego de textos escritos e a súa comprensión e reflexión a partires deles.

Pretendese obter metas propias, desenrolar o coñecemento e participar na sociedade, levase a cabo empregando os textos escritos da relixión, sobre todo a Biblia.

Concretando, sabendo atopar as citas dos libros bíblicos, leéndooos en voz alta, sabendo resumir o que din, comentándoos con outros pasaxes parellos avaliamos a comprensión lectora. Por outrabanda na aula se len, comentan, resumen e contrastan outros libros de contido relixioso como documentos maxisteriales da Igrexa con contidos sinxelos.

Esta competencia lectora axuda á competencia en comunicación lingüística porque utiliza a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, axuda a representar e comprender a



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



realidade, a construír e comunicar coñecemento, e por último, tamén organiza e autorregula o pensamento, as emocións e a conduta.

Lecturas recomendadas para profundizar nas materias do departamento son:

- ❖ Biblia.
- ❖ Documentos del Concilio Vaticano II.
- ❖ Jesucristo. Antonio González. CCS.
- ❖ La aventura de Jesús de Nazaret. Alain Patin. Sal Terrae.
- ❖ Vive la Biblia. José Ramón Sáenz Uranga. EGA-MENSAJERO.
- ❖ 50 cartas a Dios. Varios. PPC
- ❖ El canto del pájaro. Anthony de Mello.
- ❖ Sabiduría de un pobre. Carlo Carreto.
- ❖ La hermosura de lo pequeño. José María Avendaño. Narcea.
- ❖ Oír el silencio. Cesáreo Amezcua y Sylvia García. Narcea.
- ❖ La Iglesia, ¡vaya cuento! Javier M. Suescun. San Pablo.
- ❖ ¿Qué es creer? José Miguel Núñez. San Pablo.
- ❖ Coloquios nocturnos en Jerusalén. Carlo M. Martini. San Pablo
- ❖ Los cristianos del siglo XXI. Luis González Carvajal. Sal Terrae.
- ❖ Ideas y creencias del hombre actual. Luis González Carvajal. Sal Terrae
- ❖ Dios deformado. Enrique Martínez. CCS.
- ❖ Teología para Mario. Antonino Rodríguez. PPC.
- ❖ El hombre en busca de sentido. Víctor Frankl. Herder.
- ❖ El viaje de Teo. Catherine Clément. Siruela.
- ❖ Buscadores de felicidad. Emma Martínez. Narcea.
- ❖ Moral para Marta. Quintín Calvo. PPC.
- ❖ Invitación a la sospecha. Norberto Alcaver. PPC.
- ❖ El caballero de la armadura oxidada. Robert Fisher. Ediciones Obelisco.
- ❖ El Principito. Antonio Saint Exupery.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Un dos problemas máis graves que plantexan os alumnos actuais é a dificultade de comprender textos escritos. Según os estudos de PISA, o programa da OCDE que ten como obxectivo medir as capacidades dos alumnos dos países membros de dita organización á idade de 15 anos, en España o 21% do alumnado non pasa do nivel 1 dos 5 establecidos pola organización. Isto significa que 1 de cada 5 alumnos españois non comprende o tema principal dun texto corrente e tampouco detecta as ideas principais sinxelas e que estén explícitamente formuladas.

Pero isto non quere dicir que o outro 79% non teña limitacións. Por experiencia sabemos que a maioría dos alumnos carece dun vocabulario rico, polo que non comprende moitas palabras que se emplean na prensa, na literatura ou nun texto científico; son incapaces de darse conta dos matices e das ideas e relacións que están implícitas no texto; e non entenden o significado das metáforas e doutras figuras literarias.

A orixe destas dificultades non é ningún misterio: os alumnos len pouco. Por iso, dende o Departamento de Xeografía e Historia intentárase fomentar a lectura non só como fonte de traballo



e estudo senón tamén como unha fonte de pracer e que pase a formar parte dos seus intereses máis cercanos.

Criterios de selección de lecturas

- **Relación co temario do curso.** Desta forma, o “tempo de lectura” non é unha actividade illada da dinámica da clase. O alumno aprenderá lendo á vez que aprende a ler e reforzará o estudiado na clase.
- **A variedade.** Seleccionando textos periodísticos, literarios, científicos... Trátase de facer dos alumnos persoas competentes na lectura de todo tipo de textos e de lograr que, a vez, tomen conciencia de que poden aprender Historia e Xeografía a través de medios escritos variados: prensa, revistas de divulgación, enciclopedias, novelas, etc.
- **A lonxitude adecuada.** Fuxir de presentar textos demasiado curtos, que descontextualizan as ideas e impiden ós lectores seguir a argumentación do autor, así como de seleccionar textos demasiado longos, que nos se poidan ler e traballar en clase nun máximo de trinta minutos.
- **A dificultade.** Seleccionar textos e lecturas máis sinxelas no primeiro ciclo da ESO e ir aumentando a dificultade nos cursos superiores de 3^o e 4^o da ESO.
- **A iniciativa persoal.** Deixar que o alumno elixa lecturas de temas coñecidos e de actualidade: cine ,música,deportes e que se sinta implicado na súa elección.
- **O traballo de aula.** Distribuir grupos de traballo e organizar actividades e debates nos que todos participen.
- **A biblioteca escolar.** Como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro e factor de compensación social.

Criterios de avaliación do proxecto lector

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrentarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

As contribucións do departamento de Tecnoloxía a este proxecto son as seguintes:

- **Uso da biblioteca:** potenciarase o uso deste espazo na fase de búsqueda de información para a realización dos traballos propostos en cada curso. Asimesmo, dende fai uns anos, vense tentando renovar os fondos da biblioteca en materia de tecnoloxía, tratando de propoñer libros que resulten atractivos para o alumnado e útiles para a realización dos traballos.
- **Lecturas na aula:** tratarase de crear un ambiente lector cando sexa necesario, comentando previamente os puntos importantes do que imos ler, reparando no lido despois da lectura e resolvendo as posibles dúbidas. Traballaranse sobre todo textos técnicos e de actualidade tecnolóxica.



I.E.S. MONCHO VALCARCE
Rúa José M^a Penabad López s/n
15320 As Pontes
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DEPARTAMENTO DE DEBUXO

O Departamento apoiará as iniciativas encamiñadas a incentivar o hábito da lectura xa que consideramos ésta como unha ferramenta fundamental no desenrolo da personalidade do alumno.

Dende a materia de Educación Plástica e Visual traballamos a comunicación, as emocións os sentimentos, experiencias e aventuras nos traballos de cómics, deseño, ilustracións de textos (propostos polo Departamento de Debuxo ou dos de Linguas), descripción de lugares, de xente... favorecendo ademáis a interdisciplinabilidade.

Xa que este tipo de actividades son realizadas na aula de xeito moi puntual, pensamos, de cara ós cursos vindeiros plantexalas de forma diferente. Na área de EPV parécenos oportuno seguir empregando o xénero do cómic polo seu atractivo ao xuntarse texto e imaxes.

Como o noso centro dispón dunha biblioteca cunha pequena colección de cómics que o alumnado pode levarse a casa para a súa lectura, proporemos actividades lectoras de carácter voluntario. O alumnado poderá ler un ou máis cómics recollidos dentro do listado de volumes propostos polo profesorado da área e pertencentes á biblioteca, ou ben outro cómic proposto polo alumno e aprobado polo profesorado da área.

As Pontes, Abril de 2014

Aprobado en Claustro e Consello Escolar o 14 de maio de 2014